

O Padroado da Fundación Félix Rodríguez González foi constituído o 25 de Abril de 1985. É o organo encargado de supervisar todas as xestións docentes e administrativas le vadas a cabo no colexio.

Está constituído polos seguintes membros:

- n Delegado de Educación da provincia de Pontevedra
- n Alcalde de Pontearreas
- n Xuíz de Primeira Instancia
- n Notario
- n Cura Párroco
- n Director Docente do Colexio
- n Presidente da Asociación de Alumnos.

Para regular a súa constitución, funcionamento e finalidade aprobáronse con data 10 de setembro de 1985 os Estatutos da Fundación Rodríguez González.

Nestes estatutos reafirmase o feito de que o Colexio da Inmaculada é unha institución sen ánimo de lucro e, polo tanto, non xera ningún tipo de beneficio económico; a súa única razón de ser é levar a cabo un labor de servizo ao pobo de Pontearreas.